



FICHA RESUMO

CM 410A 2011/1-5

Ano	2011
Entidade	CONFRARIA DE PESCADORES DE ALDÁN-HIO-SAN CIPRIANO
Plan explotación⁽¹⁾	POLIJUETOS
Réxime⁽²⁾	RECURSO ESPECÍFICO
Modalidade⁽³⁾	A PÉ

Especies	<i>Diopatra neapolitana</i> ,, <i>Arenicola marina</i> , <i>Hediste diversicolor</i> , <i>Lumbrineris impatiens</i> .
Ámbito do plan	Zona interna da ría de Aldán: Banco de San Cibrán, praia de Vilariño e O Cagallón. Zona externa da ría de Aldán: praias de Area Brava e Castiñeiras.
Subzonas de explotación	Praia de San Cibrán, praia de Vilariño, O Cagallón, praia de Area Brava e Castiñeiras.

Participantes no plan de explotación		
Número de permex/persoas autorizadas		
Mariscadoras/es a pé	Embarcacións	Tripulantes
7		
Ampliación do número de permex⁽⁴⁾		Non
Mariscadoras/es a pé	Embarcacións	Tripulantes/Habilitacións

Calendario de explotación											
Días máximos de extracción		36									
Época y zona probable de extracción⁽⁵⁾ : de 16 de marzo a 31 de outubro.											
Modalidade⁽³⁾ : A PÉ											
xan	feb	mar	abril	maio	xuño	xullo	agosto	setemb	outub	novemb	dec
		X	X	X	X	X	X	X	X		

Cotas máximas de captura	
Especies	A pé
<i>Hediste diversicolor</i>	80 individuos
<i>Arenicola marina</i>	40 individuos
<i>Lumbrineris impatiens</i>	10 individuos
<i>Diopatra neapolitana</i>	20 individuos

Artes a empregar	Sacho, pá ou forquita.
Puntos de control	Lonxa de Aldán.
Puntos de venda	Lonxa de Aldán.

Outras consideracións⁽⁹⁾
Este plan de explotación foi aprobado para os anos 2007, 2008, 2009 e 2010 sen que se rexistrase actividade algunha.
Ámbito do plan: manterase a zona de traballo aprobada para o plan de explotación do ano 2010, A zona comprendida entre punta Morcegos e punta Couso está incluída no ámbito



territorial de Bueu, sen embargo non se presenta o informe favorable desta entidade de acordo co establecido no artigo 3º da Orde de 6 de febreiro de 1998 pola que se regula a extracción de poliquetos, vermes mariños para cebo, no litoral de Galicia, polo tanto a citada zona queda excluída do ámbito do plan mentres non se remita o mencionado informe.

Solicitudes de apertura: Coas solicitudes de apertura mensuais deberán remitir os seguintes datos:

- Relación das mariscadoras que pretenden desenvolver á actividade.
- Datos de extracción do mes anterior indicando as recolectoras, zona de traballo e nº de individuos/sp capturados.

A **primeira apertura** estará condicionada á:

- indicación do punto de control e explicación do seu funcionamento e responsables.
- remisión da certificación de que o plan foi aprobado polo órgano competente da agrupación de mariscadoras.

Arte autorizada: De acordo co artigo 2º da Orde de 6 de febreiro de 1998, na modalidade de a pé só pode utilizarse sacho, pa ou forquita. O informe técnico non recomenda o emprego de sal nos bancos marisqueiros nos que se explotan ameixa fina, ameixa babosa, berberecho e carneiro.

Se se levantan ou removen substrato ou pedras, deberán volverse a colocar na posición orixinal para evitarlles danos aos organismos epibiontes.

Calendario de traballo e horario: De acordo co establecido no artigo 7º da Orde de 6 de febreiro de 1998, pola que se regula a extracción de poliquetos, vermes mariños para cebo, no litoral de Galicia, fíxase unha veda para a extracción de poliquetos do 1 de novembro ao 15 de marzo, salvo que a Dirección Xeral de Recursos Mariños modifique dito prazo.

Recomendacións técnicas para a mellora do plan:

- Presentación dunha avaliación do recurso con un informe das mostraxes completo, composto dos seguintes apartados: introdución e antecedentes, material e métodos (incluíndo o mapa das estacións e coordenadas GPS), resultados e conclusión.
- Controis periódicos da explotación (mostraxes, etc..) así como un seguimento da actividade extractiva realizada (días, capturas, vendas, etc.).
- Elaboración de plan financeiro.
- División das zonas de extracción.